

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o monte "DE SAN MARTIN DE BOVEDA", se ubica na parroquia de San Martín de Bóveda, termo municipal de Bóveda.

2º.- Que en diversas datas do ano en curso e ante Notarios de diversos Colexios, os propietarios do mesmo outorgaron Poder a favor dos tamén propietarios D. MANUEL GONZÁLEZ FRANCO, D. JESÚS LÓPEZ OJEA e D. MANUEL PARDO VARELA, para que, en nome propio e no dos poderdantes, puideran asinar un Convenio coa Consellería que afectase ó monte da súa pertenza, así como os terreos que no futuro e de común acordo, estimasen oportuno incluír no citado Convenio.

3º.- Que o 22 de setembro do pasado ano, D. MANUEL GONZALEZ FRANCO, D. JESÚS LÓPEZ OJEA e D. MANUEL PARDO VARELA tomaron o Acordo de propoñer á Consellería a sinatura dun Convenio que inclúsen 121 Hás. do monte "DE SAN MARTIN DE BOVEDA".

4º.- Que é obxecto do Convenio a repoboación forestal dos terreos que se aportan, a conservación e tratamento selvícola das masas que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

5°.- Que as superficies actuais do monte "DE SAN MARTIN DE BOVEDA", son:

superficie total: .....	121 Hás.
superficie rasa forestal:..	117 "
superficie inforestal: ....	4 "

6°.- Que na repoboación se usarán as especies P. pinaster e P. radiata e frondosas en solos soltos e profundos, aptos para elas, todo de acordo cos desexos dos propietarios:

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprrobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE SAN MARTIN DE BOVEDA".

Elenco: 2717033.

Superficie: 121 Hás.

Pertenza: D. MANUEL GONZALEZ FRANCO e OUTROS  
VECIÑOS.

Termo municipal: Bóveda.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 1998.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E  
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Plácido Baamonde

Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,



Tomás Fernández-Couto Juanas

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de firma dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e D. MANUEL GONZALEZ FRANCO, D. JESÚS LÓPEZ OJEA e D. MANUEL PARDO VARELA, que actúan en nome propio e en representación dos restantes propietarios do monte "DE SAN MARTIN DE BOVEDA" de 121 Has. e ubicado no termo municipal de Bóveda (Lugo) e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación das novas bases do convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M<sup>a</sup> José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE  
NATURAL. -

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.-Aprobar o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE SAN MARTIN DE BOVEDA".

Elenco: 2717033.

Superficie: 121 Hás.

Pertenza: D. MANUEL GONZALEZ FRANCO e outros veciños.

Termo municipal: Bóveda.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no vo creado: 30%

Santiago de Compostela, 12 de maio de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/1/98

O SECRETARIO XERAL,



Aso.: José Luis Abad García-Tuñon.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	7033
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecientos noventa e .....

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **CARLOS DEL ALAYO JIMENEZ**, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **MANUEL GONZALEZ FRANCO, con D.N.I. nº. 34.228.883, D. JESUS LOPEZ OJEA, con D.N.I. nº. 34.208.087 y D. MANUEL PARDI VAÑELA, con D.N.I. nº. 34.137.910, veciños do termo municipal de Bóveda,**

como representantes dos propietarios do monte **"DE SAN MARTIN DE BOVEDA"**, segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

- a) A repoboación forestal dos terreos que se describen na cláusula segunda, a conservación, tratamento silvícola das masas que se creen e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de mellora do monte.
- b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente, que continuará pertencendo ós seus propietarios (rísquese, de non existir).
- c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade do (s) titular (es) consignado (s) e corresponden á seguinte descrición:

Denominación: **"DE SAN MARTIN DE BOVEDA"**  
Termo municipal: **Bóveda** Provincia: **LUSO**

Límites:

N.: **Monte da Comunidade de Teilán;**

B.: **Propiedades particulares;**

S.: **Estrada de Bóveda a Martín e propiedades particulares e**

O.: **Monte da Comunidade de Martín e propiedades particulares.**

Superficie: **121 (CENTO VINTEUNHA) Hás.**

Estado forestal: **117 (CENTO DEZASETE) Hás. forestais e 4 (CATRO) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á propiedade do chan: **- - -**

Sen vexetación arbórea: **121 (CENTO VINTEUNHA) Hás.**

Servidumes e gravames: **- - -**

**TÍTULO DE PROPIEDAD**

Por **Por herdanza dos seus antergos.**

Inscrita no Rexistro da Propiedade de **- - -**

Tomo (s) **- - -**

Folio (s) **- - -**

Finca (s) **- - -**

Inscrición (s) **- - -**

3ª.- O chan continuará pertencendo a **D. MANUEL GONZALEZ FRANCO, D. JESUS LOPEZ OJEA e D. MANUEL PARDO VARELA e o resto dos veciños otorgantes de Poderes Notariais**

que achega ó convenio:

- a) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos ós que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Medio Ambiente o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

6ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte è, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ..... por cento, e os propietarios o ..... por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregaráselle-lo exceso ós propietarios do monte.

Os ingresos otidos dos restanes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subcrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Medio Ambiente. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscriteble no Rexistro da Propiedade.

9ª.- A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión dos seus titulares.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorrera o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo o que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan.

10ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

11ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster, P. radiata e frónibus nos solos aptos para elas.

12ª.- O convenio terá carácter administrativo, e da Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



*Pola propiedade,*

**Asdo.:** Manuel González Franco.


**Asdo.:** Jesús López Ojea.

**Asdo.:** Manuel Pardo Varela.

*Pola Consellería de Medio Ambiente,*  
O CONSELLEIRO;  
P/O do 12/01/98  
O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José María Aboal García-Tuñón.





En Bóveda, siendo las doce horas del día 22 de Septiembre de 1.997, se reunen D. MANUEL GONZALEZ FRONCO, con D.N.I. nº. 34.228.883, - D. JESUS LOPEZ OJEA, con D.N.I. nº. 34.208.087 y D. MANUEL PARDO VARELA, con D.N.I. nº. 34.137.910, vecinos de Bóveda y en virtud de los Poderes Notariales otorgados

- en Bóveda, el 15 de Febrero del año en curso, por D. ANTONIO RODRIGUEZ MOURELO y 49 propietarios más,

- en Monforte de Lemos, el 17 de Febrero del año en curso, - por D. JESUS DARRIBA CORUJO,

- en Monforte de Lemos, el 17 de Febrero del año en curso, - por D. JOSE LUACES ESCONTRELA,

- en Monforte de Lemos, el 17 de Febrero del año en curso, - por D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN FRANCO SAAVEDRA,

- en Monforte de Lemos, el 17 de Febrero del año en curso, - por D<sup>a</sup>. CARMEN CURTO ALVAREZ,

- en Monforte de Lemos, el 17 de Febrero del año en curso, - por D. SERGIO SOTELO GARCIA,

- en Monforte de Lemos, el 18 de Febrero del año en curso, - por D. JULIO GONZALEZ PUENTE,

- en Monforte de Lemos, el 21 de Febrero del año en curso, - por D. JOSE GONZALEZ GARCIA,

- en Guitiriz, el 24 de Febrero del año en curso, por D<sup>a</sup>. - ADELAIDA LOPEZ MAZORA,

- en La Coruña, el 26 de Febrero del año en curso, por D<sup>a</sup>. - CARMEN TARRIO RODRIGUEZ,

- en Madrid, el 27 de Febrero del año en curso, por D. ENRIQUE FERNANDEZ GOENAGA, en representación de D. JOSE FERNANDEZ ALONSO y - D<sup>a</sup>. BEGOÑA GOENAGA SENRA,

- en Madrid, el 28 de Febrero del año en curso, por D. BENJAMIN SEOANE RODRIGUEZ y

- en Vigo, el 21 de Marzo del año en curso, por D. FERNANDO ANIBAL LOPEZ PAZ y D. RUBEN ALBERTO LOPEZ PAZ,

acuerdan:

- proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio para la repoblación forestal del monte de las siguientes características:

.../...

.../...

Nombre: "DE SAN MARTIN DE BOVEDA".

Pertenencia: D. MANUEL GONZALEZ FRANCO y otros.

Término municipal: Bóveda.

Superficie: 121 Hás.

Límites:

N.- Monte de la Comunidad de Teilán;

E.- Propiedades particulares;

S.- Carretera de Bóveda a Martín y propiedades particulares y

O.- Monte de la Comunidad de Martín y propiedades particulares.

*Manuel González*

*Manuel*

*Luis dejes*  
*en*